



Convenio de colaboración educativa entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro para a impartición de ensinanzas de formación profesional da familia de Sanidade

MEMORIA ECONÓMICA E XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria formalizou o quince de setembro de dous mil dezaseis coa Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia do curso escolar 2016-2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre os asinantes do convenio no eido da formación profesional, para seguir impartindo as ensinanzas de formación profesional da familia de sanidade, concretamente o ciclo formativo de grao superior Radioterapia e Dosimetría, no CIFP Ánxel Casal-Monte Alto da Coruña. Para iso:

- a) A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria autorizará a posta en funcionamento e a organización das ensinanzas de formación profesional específica do ciclo formativo de grao superior Radioterapia e Dosimetría, que se impartirán compartidamente nas instalacións do CIFP Ánxel Casal-Monte Alto e nas instalacións da Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro.
- b) A Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro pon a disposición unhas instalacións especiais, das que non dispón o CIFP Ánxel Casal Monte-Alto, para a impartición dos módulos de Dosimetría física e clínica e o de Simulación do tratamento, correspondentes ao ciclo formativo de grao superior de Radioterapia e Dosimetría. Así mesmo, achegará o profesorado especialista necesario para o desenvolvemento dos referidos módulos, que se imparten na fundación.





- c) A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria farase cargo dos gastos de funcionamento necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas obxecto deste convenio, os dous módulos do ciclo formativo de grao superior Radioterapia e Dosimetría, e que se estiman nun importe máximo de 36.000 euros para o curso 2016-2017 e que se repartirán do seguinte modo: 15.000 euros para o ano 2016 e 21.000 euros para o ano 2017, con cargo ao concepto orzamentario 10.60.422M.229 no que se contemplan os gastos de funcionamento dos centros que imparten ciclos formativos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

1. Na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, determina no artigo 39, no apartado 2 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar aos alumnos e as alumnas para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación as modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática.
2. No Real decreto 772/2014, do 12 de setembro, polo que se establece o título de Técnico Superior en Radioterapia e Dosimetría e se fixan as súas ensinanzas mínimas, contempla que a competencia xeral deste título consiste en aplicar tratamentos con radiacións ionizantes baixo prescrición médica, utilizar equipos provistos de fontes encapsuladas ou produtores de radiacións, aplicando as normas de radioprotección xerais e específicas, e asistindo ao paciente durante a súa estancia na unidade, así como realizar procedementos de protección radiolóxica hospitalaria, seguindo normas de garantía de calidade e os protocolos establecidos na unidade asistencial.
3. Que o título de Técnico Superior en Radioterapia e Dosimetría substitúe ao de Técnico Superior en Radioterapia que xa se viña impartindo no CIFP Ánxel Casal-Monte Alto, da





Coruña, en colaboración coa Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro desde o curso 2005/06. O último convenio asinado é do ano 2007 e asináronse as correspondentes addendas ata o curso 2014/15.

4. Que a Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro está disposta a seguir coa colaboración mantida ao longo destes últimos anos e pon a disposición os espazos e os equipamentos necesarios para poder impartir os módulos de Dosimetría física e clínica e de Simulación do tratamento, que corresponden ao segundo curso do referido ciclo, e que o centro educativo non está en condicións de asumir.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela.

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Manuel Corredoira López

